



Concello de Vilaboa

PROPOSTA DE NORMATIVA PARA A ADOPCIÓN DUNHA ORDENANZA REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS E XESTIÓN DE BIOMASA PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

O Pleno do Concello de Vilaboa veu de adoptar acordo de inicio para a redacción dunha Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos e xestión de biomasa para a prevención e defensa contra incendios forestais.

Con carácter previo á aprobación da ordenanza resulta preciso, de acordo co artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas someter a consulta e tomar en consideración a opinión pública acerca dos seguintes aspectos que se enuncian:

a) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa

Preténdese fortalecer as medidas de prevención de incendios forestais desenvolvendo o marco regulatorio previsto na Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia para favorecer a loita contra o fogo garantindo a protección da poboación, os bens, as infraestruturas, os equipamentos sociais e as zonas edificadas.

b) Necesidade e oportunidade da súa aprobación

Considérase precisa a aprobación desta norma co obxecto de adaptar as medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais á realidade física do noso Concello.

c) Obxectivos da norma

O principal obxecto da norma é o de levar a cabo a redacción dunha ordenanza reguladora neste ámbito é o de establecer as condicións sobre a xestión de biomasa e da distancia das plantacións arbóreas naqueles aspectos non regulados especificamente pola lexislación básica en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, no solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, co propósito de conseguir as axeitadas condicións de salubridade e seguridade para previr e evitar os incendios, protexendo dos mesmos ás persoas, os bens, as infraestruturas, equipamentos sociais e as zonas edificadas no termo municipal de Vilaboa.

En particular, búscase establecer un procedemento que asegure a correcta xestión da biomasa nas faixas laterais (fóra do dominio público) das vías de comunicación de titularidade municipal e a distancia a estas que deben respectar as diferentes especies arbóreas e arbustivas, a regulación do aproveitamento forestal dentro do solo de núcleo rural, urbano e urbanizable delimitado así como as condicións que deben respectar as novas plantacións arbóreas ou a adecuación das existentes en función da súa tipoloxía dentro deste tipo de solos.

d) Posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias

Resulta necesario dotarse dos instrumentos normativos cos que conta o Concello co obxecto





Concello de Vilaboa

de permitir a súa difusión xeral a través das canles de publicidade que son de aplicación non renunciando a outros tales como a recente aprobación do novo Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e a empresa pública Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) incidindo na información á poboación acerca da trascendencia das medidas de prevención do fogo. A citada medida é complementaria das xa habilitadas polo Concello en materia de prevención de incendios tales como son as tarefas de limpeza en zonas de titularidade municipal e a tramitación de expedientes por incumprimento das medidas de xestión da biomasa existente nos terrenos e zonas de influencia forestal.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos propostos durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no portal de transparencia da sede electrónica municipal (<https://vilaboa.sedelectronica.es>) e na web municipal (<https://vilaboa.gal>).

Lugar de Presentación:

a) Rexistro do Concello (En papel ou de forma electrónica a través da sede (<https://vilaboa.sedelectronica.es>)).

b) Calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Vilaboa

(Asinado dixitalmente)

O Alcalde

César Poza González

